



FICHA RESUME

PE 403A 2008/69-5

<b>Ano</b>	2009
<b>Entidade</b>	CONFRARIA DE CANGAS, CONFRARIA DE REDONDELA, CIES ARTESANAIS S.COOP.GALEGA E MAR DO MORRAZO S.COOP.GALEGA
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE VOLANDEIRA E ZAMBURIÑA
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	ZONA LIBRE MARISQUEO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO CON RASTRO VIEIRA

<b>Especies</b>	Volandeira ( <i>Aequipecten opercularis</i> ) e zamburiña ( <i>Chlamys varia</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Liña imaxinaria que une Punta Borneira no norte con Cabo Estai no litoral Sur hacia o interior da ría.
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de explotación

<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	28	
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>NON</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación

<b>Días máximos de extracción</b>	160										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>	De xaneiro a decembro cunha veda consecutiva de dous meses entre xuño e setembro.										
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>:</b>	dende embarcación										
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X			X	X	X	X

<b>Especies</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Tripulante/día</b>
Volandeira e zamburiña	240 kg	80 kg

<b>Artes a empregar</b>	Rastro de vieira segundo o establecido no Decreto 424/1993.
-------------------------	---

<b>Puntos de control</b>	A Guía, Bouzas, Massó, praia de Cangas, Tirán, Arroás, enseada de San Simón, e lonxas de: Cangas, Meira, Vilaboa, Arcade, Redondela, Canido e Vigo.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxasde Cangas, Meira, Vilaboa, arcade, Redondela Canido, Vigo (Berbés) e Baiona.

<b>Accións a realizar<sup>(7)</sup></b>	<b>Epocas probables<sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												

### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

En relación co **ámbito do plan**, e considerando que:

a) O plan propón como zona de traballo os bancos sublitorais comprendidos nas zonas de libre marisqueo da ría de Vigo. Concretamente abarcarán as zonas de produción para a extracción de pectínidos tal como veñen reflectidas na Orde de 15.01.2002. Dividen a área de traballo en 5 zonas para realizar rotacións.

b) A zona I da ría de Vigo para pectínidos (liña imaxinaria que une Punta Borneira no norte con Cabo Estai no litoral Sur hacia o exterior da ría) leva pechada dende o 17.11.1995.

c) O Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia informou desfavorablemente o plan para o ano 2008 dentro dos seus límites territoriais, por tratarse dun plan novo e non presentar datos que avalen o estado das poboacións a explotar, entre outras consideracións. No momento de elaboración desta ficha non fora emitido informe para a proposta de plan do ano 2009.

Apróbase que a zona de traballo sexa como o ano anterior: dende a liña imaxinaria que une Punta Borneira no norte con Cabo Estai no litoral Sur hacia o interior da ría, cara ao interior da ría.

Os **participantes**, serán as embarcacións que posúan a arte de rastro vieira Z1 no permiso de explotación en Vigo, debendo excluírse do plan ás seguintes embarcacións:

- por estar asociada á confraría de Bueu e non ter a arte de rastro vieira no seu permiso de explotación.
- por non ter permiso de explotación.

As especies a explotar serán a volandeira, a zamburiña e especies acompañantes, excepto aquelas que se autoricen no plan de explotación específico de marisqueo a flote da Ría de Vigo, sempre e cando acaden a talla mínima legal e non estean en veda. Exclúese a ostra como especie acompañante debido ao estado da poboación na ría. As Ordes polas que se



aproban os plans xerais de explotación marisqueira, conteñen un artigo no que se indica que os rastros remolcados definidos nos artigos 120 e 123 do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, só poderán capturar un 10% das especies acompañantes, sempre e cando ditas especies non estean sometidas a un plan específico aprobado pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

O número máximo de días autorizados redúcese a 160 e os topes de captura serán de 80 kg/tripulante/día cun máximo de 240/embarcación/día. Deberá manterse unha veda de alomenos dous meses consecutivos entre xuño e setembro.

Exclúense como puntos de control Baiona, Barra, Cíes e Líméns, por quedar fóra da zona de traballo.

O rastro de vieira autorizado terá as características contempladas no artigo 120 do Decreto 424/1993, e só poderá utilizarse para a captura de volandeira e zamburiña en fondos superiores a 5 m. En caso contrario, o seu emprego só podería autorizarse ao abeiro dun plan experimental, segundo o contemplado no artigo 3º do Decreto 198/2004, polo que se modifica o Decreto 424/1993.

Non se aceptan os traslados de vieira á zona III da ría de Vigo, mentres non existan informes que demostren que este traslado reduciría a probabilidade de intoxicación, e por outra banda que se cumpren as condicións establecidas para autorizar a extracción controlada establecida no artigo 3º da Orde de 15 de xaneiro de 2002, pola que se regula a extracción e comercialización de vieira (*Pecten maximus*).

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, **os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á Delegación Territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior por parte de todas as entidades (incluídas as especies acompañantes)**. Coa petición de apertura deberán indicar dónde estará situado o punto de control na zona de traballo.

Recomendacións para a mellora do plan:

- No caso de constituírse a comisión xestora que figura no punto 1.1 do plan, lembrámoslles que a confraría de Moaña posúe unha embarcación asociada coa arte de rastro de vieira Z1.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,...

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriro á administración